



ACORDO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE PERSOAL DIRECTIVO NA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

CÓDIGO: AGDR 03 00 00

DENOMINACIÓN: SUBDIRECTOR/A DE RELACIÓNS COS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

PRIMEIRO: A convocatoria da praza publicouse no *DOG* núm. 190, do 2 de outubro de 2024, mediante o Anuncio do 24 de setembro de 2024.

Optaron a praza un total de tres candidatos. En virtude da Resolución da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 28/10/2024, resultou admitida no proceso de selección Francisca María Gago Guillán, excluíndose aos outros dous candidatos presentados.

SEGUNDO: O 04/11/2024 constituíuse o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura do posto de subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, nomeado pola Resolución da Dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 18/10/2024.

TERCEIRO: O Tribunal, en sesión celebrada o 18/11/2024 acordou elevar a definitiva a puntuación obtida por Francisca María Gago Guillán na segunda fase do proceso de selección, así como publicar a cualificación final, de carácter provisional, acadada pola candidata, que resulta da suma das puntuacións obtidas na primeira e na segunda fase do proceso de selección:

-PRIMEIRA FASE	Puntuación
Experiencia Laboral	20
Formación	10
Plan de actuación	16,7
Total primeira fase	46,7
-SEGUNDA FASE	Puntuación
Exposición Plan actuación	4,75
PUNTUACIÓN TOTAL	51,45

Esta puntuación provisional publicouse na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o 19/11/2024, habilitándose un prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste acordo na páxina web da axencia para que a interesada puidese presentar as reclamacións que tiver oportunas.

Ese mesmo día, mediante escrito dirixido á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (NRE024/3273131) a candidata presenta un escrito no que literalmente indica *"que manifesta a súa conformidade coa cualificación final acadada no proceso de selección, así como a súa decisión de non efectuar alegacións nin reclamacións"*.





Tendo en conta o anterior, o Tribunal, en sesión celebrada o 21/11/2024 acordou:

-Elevar a definitiva a puntuación final obtida pola candidata Francisca María Gago Guillán no proceso de selección convocado en virtude da Resolución do 24 de setembro de 2024 (DOG núm. 190, do 2 de outubro):

PRIMEIRA FASE	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Experiencia Laboral	20	20
Formación	10	10
Plan de actuación	25	16,7
Total	55	46,7
SEGUNDA FASE	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Exposición Plan actuación	5	4,75
TOTAL PUNTUACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN		
51,45 PUNTOS		

-Elevar á presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a proposta de nomeamento de Francisca María Gago Guillán para o posto de subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, nos termos previstos na base décimo segunda da Resolución do 24 de setembro de 2024, publicada no DOG núm. 190, do 2 de outubro de 2024.

Apelido e nome: Francisca María Gago Guillán.

Denominación do posto: subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Código: AGDR 03 00 00.

Directivo: Grupo III, nivel 2.

Tipo de persoal: alta dirección.

Forma de Provisión: Persoal directivo (artigo 79 da lei 16/2010, do 17 de decembro, Decreto 119/2012, do 3 de maio).

Dependencia: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Localidade: Santiago de Compostela.

Este acordo publicarase na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O presidente do tribunal

(Resolución da Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 18/10/2024)

Bruno Fernández González.

